

CASTRO DE SANTA TEGRA

Castro: Castro de Santa Tegra

Localidade: A Garda (Pontevedra)

Data escavación: 1914-1923 e algunhas revisións posteriores

Localización:

Atópase no Monte de Santa Tegra, no municipio da Garda. É un lugar privilexiado desde o que se domina toda a desembocadura do Miño.



1

Descrición do castro:

Trátase dun poboado castrexo-romano habitado entre o século I a.C. e o século I d.C.

Hai un predominio de construcións circulares fronte ás rectangulares. Está delimitado por un muralla que ocupa una grande extensión de terreo, e o seu deseño fai crer que ten unha función de delimitación do terreo e non defensiva como soe ser xeralmente.

Algunha característica especial:

Neste castro atopáronse moitas xambas e linteis monolíticas decorados con formas xeométricas. E tamén se atoparon, encastados nos muros, bloques monolíticos cilíndricos de pequenas dimensións e cunha das súas caras decoradas con formas xeométricas como espirais, trísceles, rosáceas ou molinetes.

En xuño de 1931 foi declarado Ben de Interese Cultural.

2

